

Estimadas/os nais/pais:

Remitimos extracto da **Instrución 2/2023 da Secretaría Xeral Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Formación Profesional e Universidades, do 1 de xuño, sobre funcionamento dos comedores escolares de xestión directa no curso 2023-2024.**

- (pax. 6) os usuarios do comedor que non estean ao corrente das súas obrigas de pagamento do curso pasado, isto é, que teñan pendente de aboamento calquera cantidade pola utilización do servizo, non poderán figurar nas listas provisionais de usuarios admitidos ao comedor.
- **Prezos públicos:** páxina 20 da instrución.
Aos efectos de facilitar ás familias o cálculo do importe dos prezo públicos polo uso do servizo de comedor escolar, incorpórase unha calculadora a través da páxina web da consellería que facilita o cálculo en función da renda neta per cápita da unidade familiar e do número de menores e idade escolar.
O acceso a calculadora estará dispoñible a través do link:
<https://www.edu.xunta.es/comedores/calculadora.jsp>
- **Concepto de Unidade familiar:** páxina 25 da instrución.
- (pax 28) *O importe que os usuarios deberán aboar resultará de multiplicar os prezos correspondentes polo número efectivo de días de uso do comedor cada mes. Os usuarios deberán comunicarlles **obrigatoriamente** aos centros de ensino os días que non vaian facer uso do comedor antes das 9.45 horas de cada día se queren que eses días nos sexan tidos en consideración nos pagamentos.*
- **Formas de pagamento:** páxina 29 da instrución.